

Era unha fría tarde de inverno, en Sarria. Eu paseaba coas mans metidas nos petos do abrigo, encollida en min mesma, coma unha personificación da vila. Sarria vive agochada entre as montañas, sempre debaixo da néboa e da xeada, e nunca podes abandonala de todo porque se che mete dentro, porque es ti, pero tamén un anaco do lugar.

Xa estaban instalando as luces do Nadal e había máis movemento nas rúas. Eu ía finxindo que camiñaba cara a algures, tremelicando debaixo do abrigo. Sempre tiña as mans axeadas. Non atopaba xeito de quecelas.

Había tempo que non paseaba pola vila. Levaba anos vivindo nunha desas cidades que cheiran a gasolina e a vidas mortas, nas que din que sempre hai cousas que facer, nas que non existe a escuridade nin tampouco xea. Podes pasear pola rúa sen mirar a ninguén, porque non te coñecen, porque só es un anaco máis de po. Marchara da vila por mor da morriña, porque levaba tempo rodeada de recordos que só me mancaban.

Non sabía por que decidira retornar.

Quizais porque levaba moitas noites soñando con ela e precisaba volver vela, aínda que fose por derradeira vez.

Din que aquí nunca pasa nada, que as vilas pequechas son tranquilas e que até o tempo vai máis paseniño. Que todo xira arredor das tardes de café, dos paseos mornos, do olor a fume. Non vos enganedes. O que acontece é que todo sucede de xeito velado, coma nun plano paralelo, e todo se sabe, pero nada se di. Son lugares gobernados polo efecto bolboreta.

E, entón, foi cando a albisquei. Sabedes que coa miopía se aprende a distinguir as cousas polo que realmente importan? O superficial deixa de ser relevante porque non podes velo ben e, entón, todo cobra máis sentido. Por iso me gustaba pasear sen as lentes.

Era ela, estaba segura. Aquel andar, aquel ademán retirando o pelo da cara. Camiñaba coma sempre, coa cabeza erguida, coa bufanda moito máis longa dun lado que do outro. Detívenme no medio da beirarrúa. Estiven a punto de tirarme a ela e abrazala, pero lembreime de que xa non podía facelo. Por un intre, pareceume coma se cruzásemos as miradas, pero iso era imposible, así que sería cousa miña. Cando a tiña tan preto que podería rozarlle a meixela co nariz, atravesoume.

Dei media volta e mirei como marchaba. Ela nin se inmutara. Só percibín que agochaba máis a cara entre a bufanda e metía as mans nos petos, como cando se nota unha corrente de aire frío. E niso me convertera. No vento, na xeada que non abandona este val nin a tiros.

Pero levárame un anaco. Sentino. Por vez primeira, despois de tantos invernos, aquela tarde, quecéronme as mans.

Volver é sempre a resposta.

Pero cando te decatas diso, xa é tarde.

As pantasma só podemos mirar como pasan as cousas de xeito velado, a cámara lenta, como todo se sabe, pero nada se di.

Formar parte do efecto bolboreta.

Desencadear o caos.